Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos



deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pazos de Borbén (P3603700J)	12	12 peóns de servizos múltiples (obras públicas) en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	92.601,36 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 9HL47K2352WG76JM) e do informe de Intervención (CSV: Q4BRFC435OGX0D5P), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Pazos de Borbén* (CIF P3603700J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de



crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pazos de Borbén (P3603700)	12	12 peóns de servizos múltiples (obras públicas) en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	92.601,36 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa



aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.

- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.



- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarse a acreditación gráfica.

g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

6.32405.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO, PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO (Expte.2022073590)

No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para a execución dun plan de *"MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS*



DO CONCELLO DE VIGO”, co obxectivo de dar continuidade ás amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto no casco urbano como na zona rural, consolidando un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos para a mellora da mobilidade urbana.

Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 13/12/2022 o Concello de Vigo presenta no Rexistro Xeral unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio. Asemade achégase unha memoria de execución do investimento, cun orzamento total de 673.195,60 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado conxuntamente pola Deputación, coa achega de 537.113,86 euros no exercicio 2022 e polo Concello de Vigo, coa achega de 136.081,74 €, no exercicio 2023.

Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio, e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos, o informe non preceptivo da Secretaría Xeral e o informe da Intervención Provincial, no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 2022/942.9420.762.14 do orzamento provincial.

Fundamentos xurídicos:

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).



Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.



- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do vixente exercicio, dotación orzamentaria na aplicación 2022/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Conclusións:

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das actuacións de mellora da mobilidade urbana coa renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do concello de Vigo.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.



Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”.

Réxime competencial:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, de Secretaría Xeral e da Intervención Provincial; e do ditame da Comisión Informativa de data 16/12/2022; a Xunta de Goberno por acorda por unanimidade:

- APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”

Este convenio, cuxo texto literalmente transcrito di como segue, condiciónase á súa aprobación polo Concello de Vigo:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO

Na data da sinatura electrónica

INTERVENÈN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos e concretamente co Concello de Vigo para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste expediente.

III.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, ven a consolidar un programa de actuación para o desenvolvemento de proxectos para a mellora da mobilidade urbana coa renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo, en base o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 1/12/2022 “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”

IV.- Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.



V.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento aceptado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

VI.- *Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:*

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- *É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver un PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, de acordo coas actuacións que se propoñen na memoria que se achega como anexo I.*

2.- *O investimentos vinculados ao presente convenio atópanse definidos no proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 9 de novembro de 2022 e aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 01/12/2022.*

3.- *Do proxecto aprobado propónse para o obxecto deste convenio a execución das actuacións incluídas no lote “LESTE”, que engloba os seguintes viais:*

PARROQUIA	NOME DO VIAL	TRAMO	LOTES
CABRAL	PENIS (R)	Dende av. Ramón Nieto ata r. Parachán	LESTE
TEIS	PARROCO DON SERAFÍN (R)	Dende o túnel baixo a autovía ata o túnel baixo as vías do tren	LESTE
	CANTABRIA (R)	Vía principal dende av. Aeroporto ata cño. Gonderán	LESTE
LAVADORES	FONTE ESCURA (R)	Dende Cño. Trinitario Otero ata av. Aeroporto	LESTE
	SABAXANS (CÑO)	Ramal dende o nº 35 ata o nº 53. Inclúe os accesos aso números 63 e 8	LESTE
SAMPAJO	SAMPAJO DE ABAIXO (CÑO)	Dende cño. Xantería ata av. Aeroporto	LESTE
BEMBRIVE	PARROCHA (R)	Tramo que vai dende a r. Recaré ata baixada ao Castelo	LESTE
CANDEÁN	BESADA (CÑO)	Vía principal dende r. Rabadeira ata cño. Regoufe	LESTE
SAN XOAN	VISTA DO MAR (R)	Ramal que vai dende o nº 11 ata o nº 71	LESTE



De acordo co proxecto redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, e que se achegan a este expediente, a execución destas actuacións responden a seguinte previsión orzamentaria:

Execución material	467.529,41 €
Gastos xerais 13%	60.778,82 €
Beneficio industrial 6%	28.051,76 €
Total de contrata sen IVE	556.360,00 €
IVE 21%	116.835,60 €
Total prezo licitación	673.195,60 €

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCLAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “seiscentos setenta e tres mil cento noventa e cinco euros con sesenta céntimos” (673.195,60 euros), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación as asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, dirección da obra ou asistencia á dirección, e serán asumidas entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de “cincocentos trinta e sete mil cento trece euros con oitenta e seis céntimos (537.113,86 euros).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio. Dito importe será financiado con cargo os créditos do exercicio 2022 da aplicación 942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a completar para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de cento trinta e seis mil oitenta e un euros con setenta e catro céntimos (136.081,74 euros).

Dito importe será financiado con cargo os créditos do exercicio 2023 da aplicación 1532.210.00.04.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante os anos 2022 e 2023, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo e que se corresponden cos seguintes compromisos globais de forma anual:

	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
Deputación de Pontevedra	537.113,86 €	0,00 €	537.113,86 €
Concello de Vigo	0,00 €	136.081,74 €	136.081,74 €
TOTAL CONVENIO	537.113,86 €	136.081,74 €	673.195,60 €



Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- As memorias técnicas e económicas (anexo I RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO – LOTE LESTE) que se achega ao presente convenio, determinan o ámbito de actuación do convenio, podendo ser substituída algunha das actuacións cando concorran causas xustificadas, e así se propoña a través do acordo da comisión de seguimento.

3.- O Concello de Vigo comprométese a comunicarlle a Deputación Provincial de Pontevedra cada un dos proxectos de execución vinculados ao obxecto deste convenio, para o cal lle remitirá copia completa do proxecto unha vez se atope aprobado pola Xunta de Goberno Local.

4.- Licitados e formalizados os contratos das obras para a execución dos investimentos aos que se refire o pacto primeiro, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarase a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

5.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción de cada unha das obras obxecto do convenio, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das actas dos actos de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción das obras executadas e das certificacións finais das mesmas.

6.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

7.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica e no proxecto aprobado, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.



O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- *Contrato de adxudicación da obra.*
- *Acta de comprobación do replanteo.*
- *Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.*
- *Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
- *Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.*
- *Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.*

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS E ACTUACIÓN VINCULADAS AO CONVENIO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación dos proxectos dos investimentos obxecto deste convenio.

O importe das baixas de cada investimento poderase destinar ao financiamento de modificados e posibles excesos de medición do mesmo.

O Concello de Vigo poderá propoñer á comisión de seguimento a inclusión de novas actuacións dentro do contexto do obxecto do convenio co obxecto de optimizar a execución do convenio económica do convenio e sempre que a execución destas se atopen dentro dos importes máximos a aportar por cada administración.



SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) *Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico, sempre que a execución final sexa superior o importe da achega da Deputación Provincial.*
- b) *Licitar o proxecto que conforma a actuación obxecto deste convenio.*
- c) *Executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- d) *Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- e) *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- f) *Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- g) *Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.*
- h) *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- i) *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- j) *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- a) *Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa e finalista para a execución das mesmas.*
- b) *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.



En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, se deberá publicar a achega concedida na BDNS e na WEB da Deputación Provincial de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adjudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.



Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- a) *A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- b) *A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- c) *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- d) *A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.*
- e) *A aprobación da inclusión de algunba das actuacións incluídas como “previsións para execución das baixas económicas en relación ao plan de mellora de firmes”, a recuperación dunar na praia de Samil e a mellora da cubrición do patio do colexio CEIP Javier Sensat”, sempre que a execución destas se atopen dentro dos importes máximos a aportar por cada administración.*
- f) *A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- PRAZOS DE EXECUCIÓN, XUSTIFICACIÓN E VIXENCIADO CONVENIO

Os investimentos obxecto deste Convenio deberán estar executados e finalizados na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos aos que o mesmo se refire, ou vencemento do prazo máximo inicial ou prorrogado previsto neste Convenio.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- *O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2º.- *O acordo unánime dos asinantes.*
- 3º.- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.



Se transcrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

5º.- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

*O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo
Asdo.: Abel Caballero Álvarez*

*A Presidenta da Deputación de Pontevedra
Asdo.: M^a Carmen Silva Rego*

*A Secretaria do Goberno Local do Concello de
Vigo
Asdo.: Susana Gallardo Fariña*

*O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay*

- Facultar á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Vigo, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e o Gabinete de Prensa.

7.32406.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 4204 AS NEVES- ESTACIÓN, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+550” (Expte. 2022064519)

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e



da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

A Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 4204 As Neves - Estación, que transcorre polo Concello das Neves e que ten unha lonxitude de 2.036 m. Pretende acondicionar o treito que vai dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+550 para mellorar a funcionalidade da vía e a seguridade para o tráfico rodado e para o peonil.

Redactado pola enxeñeira dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e incorporado ao expediente o correspondente proxecto, as obras teñen un orzamento base de licitación, IVE incluído, de 177.000,05€.

Constan no expediente os informes, de 24/11/2022, dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais sobre a prioridade das obras proxectadas e sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento das obras atendendo ao tipo de obras e aos servizos municipais afectados.

Por Resolución da Alcaldía de 27 de outubro de 2022 ratificada polo Pleno da Corporación en sesión do 8 de novembro de 2022, o Concello aprobou o convenio obxecto desta proposta e acordou financiar a achega municipal por importe de 35.400,01 € € 20% do importe das obras) con cargo ao Plan Concellos 2023. Así mesmo acordou que no suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	141.600,04 €	80
Concello das Neves	35.400,01 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	177.000,05 €	100



A Deputación financiará a súa achega de correspondentes ao 80 % do importe con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02. do Orzamento Provincial do ano 2022.

A achega do Concello das Neves de 35.400,01 € correspondentes ao 20% do importe das obras, e financiarase con cargo ao Plan Concellos 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello das Neves. No suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.

Ademais deberase ter en conta que calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos mesmos coeficientes dispostos na cláusula terceira.

Polo que respecta aos efectos económicos do convenio tamén é necesario ter en conta que con independencia da vixencia, os efectos económicos estenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía e que calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas. Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello das Neves co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DAS NEVES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-4204 AS NEVES-ESTACIÓN, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+550.”

INTERVEÑEN

María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Xosé Manuel Rodríguez Méndez, alcalde do Concello das Neves, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).



II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da LBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da LBRL e os artigos 109 e 110 da LALG encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 4204 As Neves - Estación, que transcorre polo Concello das Neves e que ten unha lonxitude de 2.036 m.*

VI.- *A E.P. 4204 que conecta o centro das Neves coa zona da estación é de dobre sentido de circulación e de sección variable. O treito que vai dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+550, presenta unha sección inferior o resto da estrada, non estando o eixo marcado por este motivo e sendo obxecto de actuación deste convenio, pola cal a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 4204 As Neves-Estación, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+550.”*

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello das Neves, e concretamente dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+550 da E.P. 4204, sendo o obxecto principal do proxecto o acondicionamento o longo duns 550 metros o fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como para o peonil.

A solución proxectada busca darlle prioridade o tránsito peonil dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+160, realizando unha senda pola marxe dereita ata unha zona de convivencia que se proxecta na intersección coa estrada municipal, pechando a necesidade de continuidade peonil que existía con dita estrada municipal. O treito a seguir, dende o P.Q. 0+160 ata o P.Q. 0+550 é un treito con moi pouco ancho no cal se proxecta a súa ampliación nos lugares onde é posible e a execución dunha beiravía para aumentar a seguridade viaria, tendo en conta as limitacións da zona de actuación, como é o paso superior con un ancho determinado.

VII.- *A maiores, o proxecto contempla a execución dunha nova rede de pluviais para a recollida das augas en días de choiva no treito inicial, así como a mellora do alumeadado público existente.*



Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello das Neves para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 4204 As Neves-Estación, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+550. Concello das Neves”.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación. A maiores, o proxecto contempla a renovación da rede de pluviais e alumeado público no treito inicial, onde se executa a senda peonil e a zona de convivencia.

Segunda.- Importe.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cento corenta e seis mil douscentos oitenta e un euros con tres céntimos (146.281,03 €), máis trinta mil setecentos dezanove euros con dous céntimos (30.719,02 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cento setenta e sete mil euros con cinco céntimos (177.000,05 €).

Terceira.- Financiamento.

O investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello das Neves segundo se detalla:

	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>141.600,04 €</i>	<i>80</i>
<i>Concello das Neves</i>	<i>35.400,01 €</i>	<i>20</i>
TOTAL INVESTIMENTO	177.000,05 €	100

A Deputación financiará 141.600,04 € (80 %) con cargo a aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello das Neves será de 35.400,01 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento có medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberáselle ingresar á Deputación á formalización deste convenio.

De selo o caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Concellos, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello das Neves asumindo o Concello o compromiso de financiamento da achega municipal correspondente con fondos propios do Concello no caso de non poder ser financiada con cargo ao Plan Concellos.



Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello das Neves obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fai referencia o apartado 2 anterior, antes da sinatura do presente convenio.*
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
- E.P. 4204 As Neves – Estación, treito de 550 m situado entre o P.Q. 0+000 e P.Q.0+550.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.
A comunicación da Deputación ao Concello das Neves da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidas polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*



Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello das Neves faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público.*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.



E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego*

*Polo Concello das Neves,
Xosé Manuel Rodríguez Méndez*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2024, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía das obras. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro. Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello das Neves* e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao de Cooperación cos Concellos

8.32407.- *APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA ESTRADA EP 8005 RÚA PARQUE (TRAVESÍA DOÑA URRACA) NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS”.*
(Expte.2021024882)

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 8005 rúa do Parque (denominación Catálogo de Estradas Provinciais), que transcorre polo Concello de Caldas de Reis, travesía Doña Urraca (rueiro municipal), e que ten unha lonxitude de 155 m.

Que na actualidade a estrada está composta por dous carrís, un para cada sentido de circulación, con beirarrúas de anchos que incumpren a Lei de accesibilidade de Galicia, atopándonos cunha rúa que ten a maioría da totalidade do espazo público dedicado ao vehículo motorizado.

Debido ao mal estado da EP 8005 Rúa do Parque (Travesía Doña Urraca), a Deputación de Pontevedra contratou a redacción do proxecto de Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na estrada EP 8005 Rúa do Parque, (Travesía Doña Urraca).

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Caldas de Reis, e concretamente na Estrada provincial EP 8005 Rúa do Parque sendo o seu obxecto principal a recuperación da totalidade desta rúa entregada na actualidade ao vehículo motorizado, realizando un cambio de uso destinando a totalidade deste espazo público aos peóns, deseñando a rúa cunha zona de convivencia elevada 10cm con respecto da rasante da estrada actual e con prioridade peonil. Con esta actuación perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	308.951,13 €
Presuposto base de licitación	367.651,85 €
Presuposto base de licitación con IVE	444.858,74 €

Constan no expediente os seguintes informes técnicos:

- supervisión favorable do proxecto de 6 de abril de 2021
- xustificación das porcentaxes de financiamento de 8 de novembro de 2021
- sobre as transferencias de estradas previstas no convenio e sobre o grado de prioridade das obras de 24 de novembro de 2021
- dilixencia de data 16 de decembro de 2022 do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais ratificando o informe sobre prioridade das obras.

Por Resolución da Presidencia de 3 de novembro de 2022 e acordo da Xunta de Goberno de 18 de novembro de 2022, a Deputación concedendo ao Concello subvencións para o financiamento das expropiacións necesarias e para a execución das obras, respectivamente.



Por acordo do Pleno da Corporación municipal, adoptado na sesión de 24 de novembro de 2022, o Concello aprobou o convenio - Código seguro de verificación (CSV):JPYT98A6CZTIW8VT- o cal é obxecto deste informe-proposta. Así mesmo o Pleno Municipal adquiriu o compromiso de financiación das achegas municipais con fondos propios no caso de non poder ser financiadas con cargo ao Plan Concellos.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Dítame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.



3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento das obras conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	311.401,12 €	70
Concello de Caldas de Reis	133.457,62 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	444.858,74 €	100

A Deputación financiará a súa achega, 311.401,12 €, (70%) con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02/2021.

O importe do xustiprezo das expropiacións financiarase na súa totalidade polo Concello con cargo ao Plan Concellos 2021- reinvestimento de baixa. A achega municipal para o financiamento das obras (133.457,62 € /30%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria financiase con cargo ao Plan Concellos, anualidade 2023.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Caldas de Reis* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA ESTRADA EP 8005 RÚA PARQUE (TRAVESÍA DOÑA URRACA) CALDAS DE REIS”.

En Pontevedra, na data da derradeira sinatura dixital.

INTERVEÑEN

María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBR).



Juan Manuel Rey Rey, alcalde do Concello de Caldas de Reis, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da LBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da LBRL e os artigos 109 e 110 da LALG encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio.

V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 8005 Rúa do Parque (denominación Catálogo de Estradas), que transcorre polo Concello de Caldas de Reis- Travesía Doña Urraca (rueiro municipal)- e ten unha lonxitude de 155 m.

VI.- Que na actualidade a estrada está composta por dous carrís, un para cada sentido de circulación, con beirarrúas de anchos que incumpren a Lei de accesibilidade de Galicia, atopándonos cunha rúa que ten a maioría da totalidade do espazo público dedicado ao vehículo motorizado.



Debido ó mal estado da EP 8005 Rúa do Parque (Travesía Doña Urraca), a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na estrada EP 8005 Rúa do Parque, Caldas de Reis”.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Caldas de Reis, e concretamente na estrada provincial EP 8005 Rúa do Parque (Travesía Doña Urraca), sendo o seu obxecto principal a recuperación da totalidade desta rúa entregada na actualidade ao vehículo motorizado, realizando un cambio de uso destinando a totalidade deste espazo público aos peóns, deseñando a rúa cunha zona de convivencia elevada 10 cm con respecto da rasante da estrada actual e con prioridade peonil. A maiores, utilizarase para o deseño do novo espazo público pavimentos e mobiliario urbano que dignifiquen a zona de actuación, nun entorno con elementos patrimoniais de gran beleza como o son a Igrexa de Santa María de Caldas de Reis e o Cemiterio parroquial de Santa María, tratándose a maiores dun tramo do Camiño Portugués, frecuentado diariamente por un elevado número de peregrinos que na actualidade atravesan a rúa sen ningún tipo de itinerario peonil reservado para eles, sendo necesario levar a cabo unha actuación que, a maiores de dignificar o entorno patrimonial no que se atopa, marque a prioridade peonil da zona e garanta a seguridade viaria e a mobilidade peonil na totalidade da rúa.

Con esta actuación perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizáble e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

O proxecto contempla tamén a execución de pequenas variacións na rede de pluviais existente, co fin de adaptala ó novo deseño da rúa, así como melloras en diversos servizos urbanos como a execución dunha nova rede de alumeadado público con luminarias LED de alto rendemento.

Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Caldas de Reis para a execución do proxecto de “Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na estrada EP 8005 (Rúa do Parque, Caldas de Reis)”.

As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición do aglomerado existente e a execución dos movementos de terras necesarios para a construción dunha zona de convivencia sobreelevada, con prioridade peonil, executada con lastros prefabricados de formigón e lousas de pedra. A maiores, o proxecto contempla a realización dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución da modificación da rede de pluviais existente, co fin de adaptala ó novo deseño da rúa, e a realización dunha nova rede de alumeadado público con luminarias LED de alto rendimento.



Segunda.- Importe.

O importe das obras da presente actuación ascende a trescentos sesenta e sete mil seiscientos cincuenta e un euros con oitenta e cinco céntimos (367.651,85 €), máis setenta e sete mil douscentos seis euros con oitenta e nove céntimos (77.206,89 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de catrocentos corenta e catro mil oitocentos cincuenta e oito euros con setenta e catro céntimos (444.858,74 €).

Terceira.- Financiamento.

O investimento necesario para a realización das mencionadas obras e expropiacións será financiado pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Caldas de Reis segundo se detalla:

OBRAS	Achega	%
Deputación de Pontevedra	311.401,12 €	70
Concello de Caldas de Reis	133.457,62 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	444.858,74 €	100

EXPROPLACIÓN	Achega	%
Concello de Caldas de Reis	40.157,09 €	100
TOTAL EXPROPLACIÓN	40.157,09 €	100

A Deputación financiará a súa achega por importe de 311.401,12 € (70 %) con cargo á aplicación 2022/456 4530 612.02/2021.

A achega total do Concello de Caldas de Reis será de 173.614,71 (133.457,62 € obras + 40.157,09 € expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria. A correspondente ás obras financiarase con cargo ao Plan Concellos 2023. O importe do xustiprezo das expropiacións financiarase polo Concello con cargo ao Plan Concellos 2021- reinvestimento de baixa. O financiamento con cargo a estas subvencións está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Caldas de Reis asumindo o Concello o compromiso de financiamento das achegas municipais con fondos propios do Concello no caso de non poder ser financiadas con cargo ao Plan Concellos ou de que a obtida sexa insuficiente.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.



Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou modificación do proxecto por causas imprevistas, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución do custo, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Caldas de Reis obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fai referencia o apartado 2 anterior, antes da sinatura do presente convenio.*
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
 - Estrada provincial EP 8005 Rúa Parque.*
 - Treito antigo de 110 metros lineais situado no PQ 1+265 (marxe dereita) da estrada provincial EP 8004 Caldas – Vilanoviña, parte pertencente ó concello de Caldas de Reis.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada, para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 4) Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.*

A comunicación da Deputación ao Concello de Caldas de Reis da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidas polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.



- 5) *Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Caldas de Reis faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público.*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra*
- E demais normativa de obrigado cumprimento.*



As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra,

María del Carmen Silva Rego

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,

Carlos Cuadrado Romay

Polo Concello de Caldas de Reis,

Juan Manuel Rey Rey

Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao Concello de Caldas de Reis e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao de Cooperación cos Concellos.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

9.32408.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-8101 PORTAS-ROMAI (CONCELLO DE PORTAS)". (Expte. 2021060894).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20/05/2022 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” á empresa Construcciones E.C. Casas, S.L., por un importe de 555.726,38 € e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2022004000 de data 24/05/2022 adxudicouse á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., o contrato derivado Lote 2: AM seguridade e saúde na obra de “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*”.

Resultando.- Que con data 08/07/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo positiva, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 08/01/2023.



Resultando.- Que con data 02/12/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista, solicitando unha ampliación de prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, debido a que as condicións climatolóxicas, especialmente adversas no mes de novembro, non permitiron executar as unidades relativas ó capítulo de firmes, así coma os traballos subseguintes.

Resultando.- Que con data 13/12/2022 emitiu informe a directora de obra recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 8 de marzo do 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor recollendo o seguinte: *“...En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente..”*

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adjudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.



Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa INGENIERIA Y PREVANCION DE RIESGOS S.L. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” por un importe de 1.210,00 € IVE incluído.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES E.C CASAS, S.L., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/03/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS S.L (CIF B81470841) o contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” por un importe de 1.210,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	1.000,00 €
IVE (21 %)	210,00 €
Importe total	1.210,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os DOUS (2) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*”, con efectos dende 08/01/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022073953



10.32409.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO LOTE Nº 2 DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL CONDUTOR E SUBALTERNO E PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DE DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte.2021044973)

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 5 de agosto de 2022, adxudicou o lote 2 do contrato para a “*Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Diputación de Pontevedra*” á empresa COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (NIF: B-36.946.002), polos seguintes prezos unitarios ofertados:

Tipo de vestiario e características	Nº UDS.	Prezo unitario ofertado, sen iva
Zapatos de inverno de cor negra e pel hidrófuga. Con forro interior en pel transpirable e antiabrasión. Interior media plantilla acolchada na zona do talón. A soa deberá ser de poliuretano e monodensidade.	5	44,50 €
Zapato de verán (tipo tenis), con cordóns en cor negra e material exterior de pel. Interior con plantilla.	5	44,50 €
Pantalóns home ou muller tipo chino cor azul mariño. Fabricado en algodón con elastán (97% algodón e 3% elastán, aproximadamente). Con adaptación ao movemento. Gramaxe de 250 gr/m ² aproximadamente. Con petos dianteiros (tipo francés), dous petos traseiros.	5	23,51 €
Pantalóns home ou muller de tecido vaqueiro cor azul mariño. Fabricado con elastán e indicado para a tempada de verán. Con adaptación ao movemento. Con dous petos dianteiros (tipo francés), dous petos traseiros.	5	31,53 €
Camisa tipo Oxford “regular fit” de home ou muller manga curta, en cor azul celeste. Composición aproximada 70% algodón 30% Poliéster. Gramaxe 135 gr/m ² aproximadamente.	5	19,90 €
Camisa tipo Oxford “regular fit” de home ou muller manga larga, en cor azul celeste. Composición aproximada 70% algodón 30% Poliéster. Gramaxe 135 gr/m ² aproximadamente.	5	19,90 €
Cazadora home ou muller confeccionada en tecido <i>soft shell</i> laminado de symplatex (ou similar), altamente impermeable, cortaventos, transpirable e lavable. Peche frontal con cremalleira . Petos frontais. Bocamangas con tecido axustable ao puño en cor azul mariño. A cazadora debe cumprir a normativa EN 471	5	75,00 €



Chaleco de forro polar home ou muller alta calidade, con tecido <i>antipeelling</i> . Con solapa no pescozo e petos laterais. Puños con elástico interior. Aberto e con cremalleira cor azul mariño. 100% políester de 300 gr/m ² aproximadamente.	5	24,10 €
Traxes sanitarios de home e de muller compostos de casaca e pantalón. A casaca aberta, con botóns e de manga curta. Cunha composición de 60% poliéster e 35% algodón. O pantalón con cintura de goma e petos, cunha composición do 65% poliéster e 35% algodón, aproximadamente. O traxe sanitario de cor branco.	65	24,18 €
Chaqueta de punto color azul mariño, con pescozo de pico e peche con botóns. Composición 100% acrílica. (Galga 10 aproximadamente).	8	19,30 €
Forro polar unisex alta calidade, con tecido <i>antipeelling</i> . Con solapa no pescozo e petos laterais. Puños con elástico interior. Aberto e con cremalleira cor azul mariño. 100% poliéster de 300 gr/m ² aproximadamente.	45	14,30 €
Zocas brancas antideslizante de pel. Con absorción de enerxía no talón, impermeable e de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable, de 95 gramos en cada pe, aprox. Abertas por detrás con tira. As zocas deben cumprir coa norma EN 347 O2 SRC.	23	24,90 €
Zocas brancas antideslizante de pel. Con absorción de enerxía no talón, impermeable e de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable, de 95 gramos en cada pe, aprox. Pechadas completamente.	78	24,90 €
Polo de home ou muller, cunha composición de 100% algodón e de cor branco.	8	9,95 €
Pantalón con cintura de goma e petos, cunha composición de 60% poliéster e 35% algodón, aproximadamente. De cor branco.	8	11,95 €
Zocas negras antideslizante de pel (95 gramos en cada pe, aprox) (unidades en pares), de absorción de enerxía no talón, impermeable, de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable. Con confort térmico. Pechadas completamente.	3	25,00 €
Chaquetas cociñeiro con pescozo <i>tirilla</i> , cor branca e de manga curta. Con peto no peito e dobre abotonadura con corchete. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 160 gr/m ²	15	14,50 €
Chaquetas cociñeiro con pescozo <i>tirilla</i> , cor branca e de manga larga. Con peto no peito e dobre abotonadura con corchete. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 160	15	14,85 €



Pantalóns cociñeiro de cadros (branco e negro ou gris e branco), con pinzas e goma elástica no interior da cintura (na zona traseira. Petos tipo francés. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 190	30	11,95 €
Gorros cociña formato “champiñón” con velcros en cor branco. Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	30	5,99 €
Mandís con peto de plástico cor branco. Composición de PVC	60	5,00 €
Mandís con peto de tela en cor branco. Composición de 60% poliester e 35% algodón aproximadamente	60	5,00 €
Polo de home ou muller de manga curta en cor marrón. Pescozo acanalado e <i>trabilla</i> con botóns. Baixo recto con aberturas laterais. Composición de 100% algodón peinado de 200 gr/m ² aproximadamente	3	8,80 €
Polo de home ou muller de manga larga en cor marrón. Pescozo acanalado e <i>trabilla</i> con botóns. Baixo recto con aberturas laterais. Composición de 100% algodón peinado de 200 gr/m ² aproximadamente	3	9,95 €
Sudaderas de pescozo redondo en cor marrón. Tecido en felpa ou similar. Composición aproximada de 50% poliéster e 50% algodón de 290 gr/m ²	6	11,60 €
Pantalóns de traballo con petos laterais en cor marrón/camel escuro. Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	6	18,90 €
Zapato ou bota de caña baixa de seguridade con pel hidrófuga, forro transpirable, antibacteriano, absorbente e deabsorbente, antiabrasión. Plantilla AIR de EVA e tecido, anatómica, perforada, antiesatica. Plantilla antiperforación (tipo monza ou equivalente)	3	59,90 €
Chaqueta de traballo (cor azul mariño ou gris, a elixir). Confeccionada en algodón elástico que permita movemento. Composición aproximada de 97% algodón e 3% Spandex. Sinálase a efectos orientativos que as características serán similares as da marca ISSA Line Strech ou similar. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	26	44,50 €
Pantalón de traballo multibolsillos. Con composición de 97% algodón e 3% spandex. En cor azul mariño ou gris, a elixir. Sinálase a efectos orientativos que as características serán similares as da marca ISSA Line Strech ou similar. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	26	29,15 €
*Zapatos de traballo de seguridade cor negra tipo tenis (Tipo cofra petris SIP ou similar). Os zapatos poden cumprir coa norma EN 345 S3 ou EN 345 S4. *Zapatos de traballo de seguridade cor negra tipo tenis para electricista que deben cumprir coa normativa EN 345 S2 e EN 50321.	13	44,90 €



Botas de seguridade cor negra que deben cumprir a seguinte normativa: * Botas de auga para fontanería, carpintería, albanelaría e soldadura: Norma EN 345 S5. * Bota de auga para xardinería: Norma EN 345 S4. * Bota de auga para electricista: Norma EN 345 S4 e EN 50321.	13	63,00 €
Cazadora impermeable. Bicolor de alta visibilidade (azul mariño e amarelo con bandas reflectantes). Composición de 100% poliéster. Características similares: revestimento non transpirable, mangas extraíbles. Forro polar desmontable. Caperuza sen forro e con cordón de axuste. Puños e cinturilla acanalados. Petos de fuelle dianteiros e 2 petos máis cálidos. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	13	49,90 €
Polos de manga corta ou manga larga, a elixir, e de home ou muller, cor azul mariño. Composición de 100% algodón e 220 gr/m ² . Debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	39	20,00 €
Botas de seguridade cor negra- De pel hidrofugada, antideslizante. Plantilla antibacteriana e punteira de seguridade.	1	34,90 €
Pantalóns con pinzas (para verán e inverno) e de tecido bielástico, de home ou muller e en cor azul mariño. De gran transpiración. Con petos laterais e traseiros ambos con tapas, e reforzos nos xeonllos e na parte traseira.	24	43,50 €
Zapatos de verán en cor negro. En pel hidrófuga, interior transpirable e antiabrasión. Piso de goma, cosido e de descanso 24 horas. Sen cordóns.	12	44,80 €
Botas negras de pel (tipo patrulla). Repelentes a auga	12	60,00 €
Camisa branca popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo sen solapa, sen botóns no pescozo e sen ombreiras (manga curta ou manga larga a elixir)	24	23,00 €
Camisa azul celeste popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo, botóns no pescozo, sen solapa e sen ombreiras (manga curta)	24	23,50 €
Anorak largo de cor azul mariño, con aberturas laterais, realizado en material tipo sándwich en sarga de poliéster como tecido exterior de goretex, con membrana impermeable e transpirable no medio, e unha fibra polar no seu interior a cal debe ser desmontable, costuras termoselladas. O anorak debe cumprir a normativa EN 471	12	77,23 €
Forro polar bicolor azul mariño con tecido poartec, con canesú en tecido impermeable, sen ombreiras, con reforzos cosidos nos cúbados, os puños con elástico. Composición aproximada de 100% poliéster e de 300 gr/m ²	12	36,70 €
Pantalóns uniforme de home ou muller con petos laterais, cor negro. Composición aproximada de 50% poliéster, 45% Lana e 5% lycra.	2	34,90 €



Zapatos de home ou muller de descanso, en pel . Plantilla acolchada de poliuretano con tratamento antibacterias e carbón activado. Sola antideslizante.	2	39,10 €
Camisa de home ou muller entallada manga larga (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	1	15,00 €
Camisa de home ou muller entallada manga corta (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	1	15,00 €

O contrato do lote 2 formalizouse entre COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (CIF: B36946002) e a Deputación de Pontevedra en data 02 de setembro de 2022, con vixencia ata o 31 de decembro de 2020 e establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas anuais.

A responsable do contrato do lote nº 2 emite informe no que expresa a súa conformidade coa prórroga ao non existir incumprimentos por parte da contratista e non supor unha alteración das características do contrato.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do lote 2 do contrato en data 14 de outubro de 2022 (data de comparecencia: 14/10/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 28 de novembro do 2022, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 202200240903, polo importe de 22.131,82 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.221.04, e número de operación 202200240906 para o 10º de incremento previsto, polo importe de 2.213,18 euros, con cargo á mesma aplicación orzamentaria, para atender ás obrigas económicas que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 13 de decembro do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do lote 2 do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do Lote nº 2 deste contrato por unha anualidade, desde o 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de xaneiro de 2023.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a primeira prórroga do lote 2 do contrato da “*Subministración de vestiario para o persoal conductor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Diputación de Pontevedra*”, subscrito coa empresa COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (CIF: B36946002), nas mesmas condicións formalizadas no contrato inicial e para o período de 1 ano desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, nos mesmos termos das condicións contractuais que o rexen.

As obrigas económicas que resulten da prórroga do contrato para o ano 2023 irán con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

LOTE	Aplicación orzamentaria	Importe total subministros ordinarios (con IVE)	Importe total incremento número unidades (con IVE)
LOTE 2: Centro Príncipe Felipe	23/232.2312.221.04 (vinculación)	22.131,82 €	2.213,18 €

O/s importe/s do/s gasto/s correspondente/s a anualidade 2023 quedará/n condicionado/s a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na/s correspondente/s aplicación/s orzamentaria/s.



11.32410.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1,4 E 5 DO CONTRATO DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL -2020- 004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDEREELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. FINANCIADOS NUN. 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020.) (Expte 2022044656)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra presentou varios proxectos singulares para a renovación das instalacións de iluminación exterior dos concellos da provincia, dentro do programa de Economía Baixa en Carbono, ao amparo das convocatorias do Ministerio para a Transición Ecolóxica, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

Segundo.- As solicitudes de axuda presentadas baixo os proxectos singulares denominados “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE V”, “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE VI”, “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE VII”, “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE VIII” e “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE IX” foron concedidas mediante resolución do director xeral do IDAE e aceptadas pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra.

Terceiro.- Con data 28/01/2022, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial acordou adjudicar á empresa LETTER INGENIEROS S.L. (CIF: B19522028) o contrato para a prestación do “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚM FEDER-EELL- 2020004168, FEDER-EELL-2020004561, FEDER-EELL-2020004515, FEDER-EELL- 2020004530, e FEDER-EELL-2020004626, do Expte. 2021040008, que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER a través da convocatoria de axudas a entidades locais para proxectos singulares que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE) no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.” A empresa propón a Alberto I. Ochando como director de obra.

Cuarto.- Con data 07/10/2022 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou adjudicar á empresa UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONTRUCCIÓN ELÉCTRICAS, SA - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (CIF U-72709082) os contratos dos lotes 1, 4 e 5 da “RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020- 004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDEREELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. financiados nun 80% polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020”.

Quinto.- Con data 10/11/2022 formalízanse os contratos dos Lotes 1,4 e 5 coa empresa UTE 2 Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Secce)-Eleukon Global SLU(CIF U-72709082).



Con data 12 de decembro de 2022 pola Xefa do Servizo de Cooperación e polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación emítense informe no que se pon de manifesto o seguinte “*Con data 9 de decembro a unión de empresas UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONTRUCCIÓN ELÉCTRICAS, SA - ELEUKON GLOBAL, SLU e a dirección dos traballos formalizan as actas de comprobación do replanteo dos seguintes 14 proxectos que forman parte dos lotes 1, 4 e 5 do referido contrato:*

Lote	Denominación do lote	Proxectos actuacións
1	Iluminación exterior sostible V	<p>Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada</p> <p>Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona</p> <p>Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro</p> <p>Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu</p> <p>Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis</p>
4	Iluminación exterior sostible VIII	<p>Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz</p> <p>Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña</p> <p>Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos</p> <p>Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio</p> <p>Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas</p>
5	Iluminación exterior sostible IX	<p>Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas</p> <p>Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga</p> <p>Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa</p> <p>Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa</p>



“...o director dos traballos Alberto I. Ochando indica nas 14 actas asinadas que se procede á suspensión do inicio da execución dos traballos porque falta a documentación necesaria (Plans de Xestións de Residuos e Plans de Seguridade e Saúde) e existen aspectos sobre a execución material pendentes de concretar. Asimesmo informa que “O gran numero de proxectos e dos traballos necesarios para a xeración da documentación requirida (Plans de Xestións de Residuos e Plans de Seguridade e Saúde) obrigou a suspensión do inicio da execución dos lotes 1, 4 e 5 do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior do I.D.A.E..

(...) Toda esta documentación, por outra banda, esta suxeita a revisión da dirección de obra e dos coordinadores de seguridade e saúde, que requiren da modificación de diferentes aspectos, polo que a súa aprobación é un labor complexo e longo.

Asemade, o amplo ámbito de actuación e a súa dispersión dificulta a realización das tarefas e traballos en campo previos ao inicio das obras, e neste sentido, existen aspectos sobre a execución material que non foron aclarados entre a dirección dos traballos e a contrata.

A empresa contratista expresa a súa conformidade coa súa sinatura e o inicio dos traballos queda suspendido ata que se aprobe dita documentación necesaria para o inicio da execución e se definan os aspectos pendentes da execución material.”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión do inicio da execución dos lotes 1, 4 e 5 do contrato de Renovación das instalación de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 do I.D.A.E. financiados nun 80% polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 que foron adxudicados a empresa dende o 9 de decembro de 2022. Unha vez solucionadas as causas que deron lugar a suspensión do inicio da execución formalizarase entre o contratista e o director de obra a correspondente acta de inicio.

12.32411.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DA EMPRESA TÓRCULO COMUNICACIÓN GRÁFICA S.A. NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. (Expte. 2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.



A Mesa de Contratación, na reunión celebrada o 15 de decembro de 2022 acorda que a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) non cumpre cos criterios de selección establecidos no prego (non aporta a declaración responsable, non queda acreditada a solvencia económica e financeira e técnica necesaria e non aportar certificacións de atoparse ao corrente coa Tesourería da Seguridade Social e Axencia Estatal da Administración Tributaria así como de alta no Imposto de actividades económicas) polo que lle propón ao órgano de contratación que non se admita no Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade non admitir á empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) por non cumprir cos criterios de selección establecidos no prego.

13.32412.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.
(Expte.2022043519)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da *Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*, cos seguintes lotes:

- Lote 1. Papelería.
- Lote 2. Artigos xerais de oficina.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con datas 21 de setembro e 18 de setembro de 2022, respectivamente. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 20 de outubro de 2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes: Lote 1: Redinor, S.L. (B 36.127.405), e Paz Dismac, S.L. (B-36062180); Lote 2: Redinor, S.L. (B 36.127.405); empresas non admitidas: ningunha.



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e procedeu en acto público a realizar o sorteo de mostras de produtos.

Recibidas as mostras, e o informe do servizo de Contratación, de data 24 de novembro de 2022 (CSV: Y6AX61DXTWDTP1SI), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24 de novembro do 2022, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Redinor, S.L. (B 36.127.405) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 2 do contrato (Artigos xerais de oficina), polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Contratación, mediante informe de data 1 de decembro do 2022 (CSV: W2UMPPG8UZIKK7N7), considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de decembro do 2022, aprobou o informe do servizo de Contratación de data 1 de decembro do 2022, considerando xustificada a oferta presentada pola empresa Redinor, S.L. no referente ao prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 2 do contrato (Artigos xerais de oficina). No mesmo acto, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos lotes 1 e 2 do contrato a favor da empresa Redinor, S.L. (B 36.127.405), polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.



Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 12 de decembro do 2022, comproba que a empresa Redinor, S.L. atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, mediante consulta electrónica automatizada, comproba que atópase ao corrente das obrigas coa seguridade social, e dada de alta no imposto de actividades económicas.

Mediante Resolución Presidencial número 2022008841, de 13 de decembro do 2022, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Redinor, S.L., que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Redinor, S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022063636, de data 16 de decembro do 2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polos importes de 1.362,47 € (carta de pago núm. operación 202200257387, do día 16/12/2022) e 963,28 € (carta de pago núm. operación 202200257389, do día 16/12/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CAIXA GALICIA, por importe de 10.000,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/10/2013, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201300129529 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200900029334 de 03/04/2009*).

18.32417.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ITURRI, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DUN EQUIPO DE TELECOMUNICACIÓNS PARA O CONSORCIO CONTRA INCENDIOS DO BAIXO MIÑO, CONDADO E LOURIÑA”. (Devogaran 2022067375)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de outubro de 2006, adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato relativo a “Subministro de equipamento para o parque contraincendios e salvamento de Baixo Miño, Condado e Louríña” (Exp. Ano 2006).

Para responder da realización deste contrato, a empresa ITURRI, S.A. (CIF.- A-41050113), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 4% do prezo de adxudicación, por importe de 1.198,80€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201300129459 de data 10/10/2013 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200600100739 de 22/11/2006*).



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ITURRI, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministro de equipamento para o parque contraincendios e salvamento de Baixo Miño, Condado e Louriña*” (Expte. Ano 2005), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *Banco Santander*, por importe de 1.198,80€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/10/2013, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201300129459 (Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200600100739 de 22/11/2006).

19.32418. DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 4006 NO CONCELLO DE AGOLADA (Expte.2022037515)

Dada conta que con data de rexistro 20/05/2022 (rex. núm. WEB2022031154) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. Stella Rodríguez Fernández en representación de Mapfre España, S.A. e de D^a. Patricia Taboada Casal, por lesións e danos en vehículo producidos en accidente de circulación a consecuencia da caída dunha árbore na estrada provincial E.P. 6303 Berredo-Bahía, no *Concello de Agolada*, o día 13/06/2021, e que cuantificou economicamente en 9.561,84 €.



Resultando.- Que con data 24/05/2022, e de conformidade co disposto nos artigos 5.6 e 18 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse á interesada para que subsanara a instancia aportando a póliza de seguros debidamente firmada por todas as partes contratantes ó obxecto de acreditar o vínculo contractual subxacente e a subrogación nas accións da asegurada, xa que a achegada xunto coa instancia so figuraba firmada pola aseguradora e non pola tomadora do seguro.

Resultando.- Que con data 07/06/2022, presenta escrito xunto co que achega xustificante do pago do recibo do seguro, sen aportación da póliza requirida.

Resultando.- Que con data 30/06/2022 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 15/07/2022, co seguinte contido literal:

- a) *A estrada E.P. 6306 Berredo-Babíña é unha estrada convencional, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, por tanto o lugar do accidente no P.Q. 1+010 desta estrada pertence á rede provincial de estradas.*
- b) *O 112 non dou aviso ó teléfono dos vixiantes do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra informando do accidente, polo que a Brigada nº 3 de Conservación da zona non puido ter coñecemento do accidente ocorrido. Nesta mesma estrada non consta no rexistro do Servizo de Infraestruturas ningún accidente por caída de ramas de árbores nos dous últimos anos*
- c) *Non existe sinal por caída de árbores no código de circulación.*
- d) *Este Servizo descoñece quen procedeu á retirada da rama da árbore da estrada, así mesmo descoñece o estado no que se encontraba a árbore previo á súa caída.*
- e) *A brigada nº 3 de Conservación da zona non tivo coñecemento do accidente ocorrido.*
- f) *No informe Arena da DXT indícase que a árbore da que caeu unha ramificación tiña a base da árbore a 11 metros da calzada, polo tanto fóra do dominio público viario, estando situada a árbore en dominio privado.*
No informe Arena se sinala que a rama da árbore caeu no mesmo instante no que circulaba o vehículo impactando contra o parabrisas. A continuación indícase como causa principal do accidente o mal estado da vía por caída dun pino sobre a mesma. Sen embargo a vía non presentaba un mal estado, xa que segundo se indica no informe Arena a rama caeu nese intre enriba do vehículo e non estaba caída previamente sobre a calzada.



Realizada unha comprobación do terreo onde se produciu a caída da rama da árbore, obsérvase que todas as árbores nesa zona están situadas fóra do talude de terraplén da estrada, e polo tanto fóra do dominio público viario. No expediente recibido non constan fotos nas que se poida determinar cal era a árbore que estaba situada a 11 metros da calzada e que provocou o accidente e da inspección visual do lugar non se pode determinar tampouco cal é. Apórtanse fotos do Servizo procedentes da inspección visual do lugar do accidente.



César Paredes Rodríguez
Enxeñeiro _____



Resultando.- Que con data 21/11/2022 solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación acerca da data da última revisión periódica realizada nesa vía antes de producirse o sinistro, o cal foi remitido na data 28/11/2022 co seguinte contido:

O vixiante de estradas da zona norte percorre toda a rede de estradas da súa zona semanalmente de luns a venres. Non se dispón dun rexistro por días do percorrido de cada unha das estradas da Deputación, pero tendo en conta que o vixiante percorre tódalas estradas da súa zona unha vez por semana, esa estrada inspeccionouse entre o luns 7 de xuño e o venres 11 de xuño de 2021.

Resultando.- Que con data 02/12/2022 emítese certificación polo Sr. Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra na que consta que a vía se revisa regularmente.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu-se o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva (co matiz de que a árbore non se atopaba en zona de dominio público) e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Recóllese no informe estadístico do Destacamento de Lalín que **chovía forte**, polo que o **firme se atopaba mollado** e a **visibilidade restrinxida polos factores atmosféricos**.
- Segundo o relatado pola reclamante na instancia, **no momento do accidente chovía con intensidade y con vento forte**.
- O 112 non dou aviso ó teléfono dos vixiantes do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra informando do accidente, polo que a Brigada nº 3 de Conservación da zona non puido ter coñecemento do ocorrido.
- Nesta mesma estrada non consta no rexistro do Servizo de Infraestruturas ningún accidente por caída de ramas de árbores nos dous últimos anos.



- No informe estadístico do Destacamento de Lalín indícase que **a árbore** da que caeu a ramificación tiña a súa base **a 11 metros da calzada**, polo tanto **fóra do dominio público viario**, estando **situada a árbore en dominio privado**.
- Asemade, sinálase que a rama da árbore caeu no mesmo instante no que circulaba o vehículo impactando contra o parabrisas.
- Realizada unha comprobación do terreo onde se produciu a caída da rama da árbore, obsérvase que **todas as árbores nesa zona están situadas fóra do talude** de terraplén da estrada, e polo tanto **fóra do dominio público viario**.
- **O vixiante** de estradas da zona norte **inspeccionou esa vía** nos días previos ó accidente, **entre o luns 7 e o venres 11 de xuño de 2021**.
- **Non se produciron mais accidentes pola mesma causa**.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o accidente sería imputable a un **suposto de forza maior**, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade en síntese de imprevisibilidade e inevitabilidade, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a conducción de vehículos a motor.

Considerando.- Que consta no expediente certificación emitida polo Sr. Secretario da Deputación de data 02/12/2022 na que se recolle que ***“O vixiante percorre tódalas estradas da súa zona unha vez por semana, a E.P. 6303 Berredo-Bahía inspeccionouse entre o luns 7 de xuño e o venres 11 de xuño de 2021”***, polo que non se pode reprochar á Deputación Provincial o feito de non cumprimentar coa **revisión periódica da vía**.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que **non houbo chamada por causa do accidente** polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, **podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas:** Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11;



77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021 e 9/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/2012, 220/2017, 193/2021 e 76/2022, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e as sentenzas 213/2012 e 197/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, **todos de Pontevedra, e todas sobre supostos con identidade de razón (caída de árbores na estrada), eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.**

Considerando.- **Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.**

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

20.32419.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CD MATS PARA “CTO. INTERCLUBS CATEGORIAS BASE TAEKWONDO” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16 DE SETEMBRO 2022 (Expte. 2022026384)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do CD MATS con NIF: G36346518, do *concello de Marín*, por un importe de 370,30 €, para o “Cto. Interclubs de Categorias Base Taekwondo” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022062546 con data 10/12/2022 do citado club renunciando á subvención concedida debido a cambios no proxecto presentado, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



21.32420.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB ATLETISMO SAMERTOLAMEU PARA “XVII CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE MOAÑA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16 DE SETEMBRO 2022 (Expte.2022026374)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club Atletismo Samertolameu* con NIF: G36321750, do *concello de Moaña*, por un importe de 822,05 €, para a “*XVII Carreira Pedestre Concello de Moaña*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 202263620 con data 16/12/2022 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se celebrou dito evento, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

22.32421.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022074437, que contén 5 facturas e por un importe de 66.614,39 € e con CSV: 07MQTJWSIWMAFG1D, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16 de decembro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	66.189,33 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	425,06 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	66.614,39 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



23.32422.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022074426, que contén 2 facturas e por un importe de 147,82 € e con CSV: 2LGRQYPUISL1ANX, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16 de decembro de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	169,38 €
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	21,56 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	147,82 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

 24.32423.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO PRACTICUM DEPO 2021 (5ª MOBILIDADE) (Expte. 2021060768)

O 25 de marzo de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11 aprobada pola Dirección do Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) N° 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de data 20 de maio do 2021, pola que se establece o programa “ERASMUS+”, programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O día 14/05/2021 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto denominado “PRACTICUM DEPO 2021” (ID do formulario: KA121-VET-0706FEE4) dentro da acción clave 1 (KA1) “Movilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes graduados de Formación Profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral, a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.



Nº participantes: 90 estudantes graduados de Formación profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais, 9 docentes dos centros participantes, correspondentes a persoal para a formación e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022) con posible ampliación a 24 meses mediante solicitude aos 12 meses. Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de varios períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal e Romanía.

Non obstante o anterior, as persoas beneficiarias poderán realizar a mobilidade nun dos países do programa Erasmus+ distinto aos contemplados no ámbito de actuación do proxecto. Isto inclúe países pertencentes á Unión Europea (Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, República Checa, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Francia, Hungría, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Polonia, Romanía e Suecia) así como países non pertencentes á mesma (República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía e Serbia, entre outros).

A Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), emitiu resolución de data 21 de outubro de 2021 pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de Proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2021, concedendo unha axuda para a realización do proxecto “PRACTICUM DEPO 2021” por importe de 911.037,00 €.

Trátase dun proxecto plurianual (2021-2023) e para a anualidade 2021 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 20/12/2021, a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidos.



O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2023. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 27/10/2022 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31/08/2023.

De acordo co previsto na memoria do proxecto en cada un dos Centros de Formación Profesional constituíuse un Comité de Mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas.

Á súa vez, a Deputación creou o comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas á mobilidade do PRACTICUM DEPO 2021, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas, dos Centros de Formación Profesional e do Comité de mobilidade da Deputación, os alumnos distribuíranse en varias quendas:

- O primeiro grupo comprende un total de 31 alumnos que iniciaron a mobilidade en marzo do 2022 con destino Italia, Portugal, Malta, Irlanda e Países Baixos.
- O segundo grupo comprende un total de 10 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo do 2022 con destino Italia, Portugal e Francia.
- A terceira mobilidade está formada por 1 docente que iniciou a mobilidade en setembro de 2022 con destino Italia.
- A cuarta mobilidade está formada por 25 alumnos que iniciarán a mobilidade en novembro de 2022 con destino Francia, Irlanda, Italia, Portugal e República Checa.
- A quinta mobilidade, que comprende un total 40 alumnos que iniciarán a mobilidade en xaneiro de 2023 con destino Portugal, Italia, Irlanda, Finlandia, Malta, República Checa.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en maio de 2023.

A duración total das prácticas no país estranxeiro non poderá superar 365 días. Se durante este período se cumpren 12 meses a contar dende a finalización dos estudos, nese caso daranse por concluídas en tal data. O importe das bolsas vén determinado polo país de destino e os días de estancia, calculados en cada caso segundo a táboa de módulos do SEPIE.



A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual e axuda de viaxe co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

O cálculo da axuda está en función do número de días e do país de destino, segundo vén establecido nas táboas de cálculo aprobadas regulamentariamente, polo que este cálculo podería verse modificado no suposto de que se produza unha variación no número de días.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 90% del importe especificado en la cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

Con data 16 de decembro de 2022 emitíuse informe – proposta para a adxudicación de bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Practicum Depo 2021 (5ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace da Deputada Delegada.

Con data 19 de decembro de 2022 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (5ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 306.427,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003_PRACTICUM DEPO 2021.



Normativa aplicable:

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2022.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, propónse que se acorde a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (5ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 5ª mobilidade, solicitouse informe de fiscalización para a concesión das bolsas de mobilidade pola contía de 306.427,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003_PRACTICUM DEPO 2021.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (5ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe). Para esta 5ª mobilidade con destino Portugal, Italia, Irlanda, Finlandia, Malta, República Checa a contía ascende a 306.427,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003_PRACTICUM DEPO 2021 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.



Dito anexo é como segue:

ANEXO

Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	90% (axuda individual + axuda de viaxe)	10% (axuda individual + axuda de viaxe)
María Cristina Cores Besada	Peiteado	IES Johan Carballeira	ITALIA	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	360,00	7.598,00	6.838,20	759,80
Marina Tobío Campos	Impresión gráfica	IES Montecelo	ITALIA	09/01/2023	15/06/2023	160	6.638,00	275,00	6.913,00	6.221,70	691,30
Carlota Panadero Soto	Impresión gráfica	IES Montecelo	ITALIA	09/01/2023	15/06/2023	160	6.638,00	275,00	6.913,00	6.221,70	691,30
Lorena Castro Isla	Coidados auxiliares de enfermería	Divino Maestro	IRLANDA	09/01/2023	22/06/2023	167	7.962,00	275,00	8.237,00	7.413,30	823,70
José Ocampos Virzi	Vídeo Disc-Jockey e Son	Colegio Marcote	IRLANDA	09/01/2023	22/06/2023	167	7.962,00	275,00	8.237,00	7.413,30	823,70
Alexandra Lima Besada	Xestión administrativa	IES Vilalonga	ITALIA	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Antía Gómez Piñeiro	Panadería, repostería e confitería	EFA A Cancea	ITALIA	09/01/2023	31/08/2022	237	9.718,00	275,00	9.993,00	8.993,70	999,30
Nedía Fernández Porto	Xestión administrativa	EFA A Cancea	ITALIA	09/01/2023	11/05/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Jacobo Silva Alonso	Xestión administrativa	EFA A Cancea	R.CHECA	09/01/2023	11/05/2022	125	4.446,00	275,00	4.721,00	4.248,90	472,10
Marta Carballo González	Xestión administrativa	EFA A Cancea	R.CHECA	09/01/2023	11/05/2022	125	4.446,00	275,00	4.721,00	4.248,90	472,10
Yazmin Estévez Álvarez	Atención a persoas en situación de dependencia	CIFP A Xunqueira	PORTUGAL	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Telmo Páramos Rial	Instalacións de telecomunicacións	IES Rodeira	MALTA	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	360,00	7.598,00	6.838,20	759,80
Sheila Gómez Rozados	Xestión administrativa	IES Laxeiro	PORTUGAL	09/01/2023	08/05/2023	122	5.118,00	180,00	5.298,00	4.768,20	529,80
Joel Padín Troncoso	FP básica- Ofimática de oficina	IES Francisco Asorey	MALTA	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	360,00	10.078,00	9.070,20	1.007,80
Miguel Martínez Rodríguez	Instalacións de telecomunicacións	IES Francisco Asorey	MALTA	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	360,00	10.078,00	9.070,20	1.007,80
Guillermo Piñeiro Blanco	Aproveitamento e conservación do medio natural	CFEA Lourizán	PORTUGAL	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Héctor Santos Fernández	Aproveitamento e conservación do medio natural	CFEA Lourizán	PORTUGAL	09/01/2023	22/06/2023	167	6.918,00	275,00	7.193,00	6.473,70	719,30
Brais Fernández Velasco	Soldadura e caldeiraría	IES Salvaterra	FINLANDIA	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Francisco Otero Rodríguez	Soldadura e caldeiraría	IES Salvaterra	FINLANDIA	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Damián Lorenzo Pires	Soldadura e caldeiraría	IES Salvaterra	FINLANDIA	09/01/2023	14/06/2023	159	7.594,00	360,00	7.954,00	7.158,60	795,40
Sebastián Romero Zapata	Instalacións eléctricas e automáticas	Colegio Vigo	ITALIA	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.509,70	723,30
Iván Bernárdez González	Electromecánica de vehículos automóbiles	Colegio Vigo	ITALIA	09/01/2023	20/06/2023	165	6.838,00	275,00	7.113,00	6.401,70	711,30
Xoel Martínez Carballo	Electromecánica de vehículos automóbiles	Colegio Vigo	ITALIA	09/01/2023	20/06/2023	165	6.838,00	275,00	7.113,00	6.401,70	711,30
Zaira Ocampo Oya	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	ITALIA	11/01/2023	21/07/2023	194	7.998,00	275,00	8.273,00	7.445,70	827,30
Adriana Casal Lago	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	ITALIA	11/01/2023	21/07/2023	194	7.998,00	275,00	8.273,00	7.445,70	827,30
Carolina Tellado Salgueiro	Coidados auxiliares de enfermería	CPR San Miguel	PORTUGAL	09/01/2023	07/07/2023	182	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Cristian Luis Ferreiro Corral	Instalacións de telecomunicacións	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.316,20	701,80
Rubén Seoane Chan	Sistemas frigoríficos e climatización	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.676,20	741,80
Maryen Jghaimi Bouanane	Xestión administrativa	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80
Nathaly Hossana Duarte Medina	Xestión administrativa	IES Chan do Monte	ITALIA	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.424,20	713,80
Santiago Porto Rojas	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	ITALIA	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	275,00	7.233,00	6.509,70	723,30



Fabián Alvariñas Augusto	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.509,70	723,30
Guilherme Leal Fentanes	FP básica- Ofimática de oficina	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	23/06/2023	168	6.958,00	180,00	7.138,00	6.424,20	713,80
Miguel Santiago Gomes Souto	FP básica- Ofimática de oficina	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	6.424,20	713,80
Francisco Javier Padín Collazo	Sistemas frigoríficos e climatización	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	8.908,20	989,80
Sergio Mariño Álvarez	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	8.908,20	989,80
Juan Luis Pérez Santos	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
José Manuel Sánchez Fernández	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	31/08/2023	237	9.718,00	180,00	9.898,00	6.676,20	741,80
Andrés Rodríguez Prado	FP básica- Ofimática de oficina	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	8.908,20	989,80
Francisco Santamaría Orozco	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	09/01/2023	30/06/2023	175	7.238,00	180,00	7.418,00	6.676,20	741,80
										306.427,00	

25.32424.- APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACION DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “TECNOLÓXICAS 2022-2023” (Expte. 2022045576)

A Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas e Deputación de Pontevedra, asinaron o convenio de colaboración, con data 9 de agosto de 2022, para levar a cabo programa “Tecnolóxicas” 2022-2023, co que se quere impulsar e introducir de forma real ás mulleres nos departamentos de desenvolvemento tecnolóxico das empresas.

O desenvolvemento do programa Tecnolóxicas basease en tres piares fundamentais: formación, mentoría e xeración de referentes locais. Dende a entidade ASIME, fíxose un estudo de prospección entre as súas empresas asociadas para identificar as temáticas técnicas específicas que necesitan cubrir con persoal formado en ámbito tecnolóxico, dando posteriormente a dez mozas pontevedresas a formación necesaria e mentorizando todo o seu proceso. O plan de formación complementábase coa realización dun contrato laboral en modalidade formativa, de 6 meses de duración, en empresas punteiras galegas do ámbito industrial e/o tecnolóxico ubicadas na provincia de Pontevedra. Ademais outro obxectivo do proxecto Tecnolóxicas é fomentar as vocacións en estudos STEM entre a poboación feminina, desde as nenas en idade escolar, ata a ESO e bacharelato, para elo un pilar fundamental desta iniciativa serán as accións de sensibilización e difusión en diferentes concellos da provincia.

Na primeira fase do programa, abriuse o prazo de presentación das candidaturas, tanto de empresas como de alumnas para proceder a selección das mesmas. Como resultado do *match* e as entrevistas resultaron con éxito soamente dous emparellamentos.



Considerando que é perceptible unha modificación do Convenio no relativo a parte do orzamento, dado que debe adecuarse o importe do mesmo a nova realidade na que se encontra o programa, unha vez realizada a fase de emparellamento alumnas/empresas e; tendo en conta o artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións ten cabida unha modificación da resolución de concesión; con data 12 de decembro de 2022 por medio da sede electrónica da Deputación de Pontevedra con número de rexistro WEB2022062711, a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), presentan actualización do orzamento do Programa, dada a modificación de alumnas participantes na formación e posterior contratación en empresas asociadas a ASIME.

Na data 14 de decembro de 2022 a xefa do Servizo de Igualdade, informa favorablemente a addenda ao Convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación Industriales Metalúrgicos de Galicia para o desenvolvemento do Programa Tecnolóxicas ano 2022-2023. (CSV: ODO2JQLLLKCKY39M).

Con data 14 de decembro de 2022, Secretaría Xeral emite dilixencia de conformidade á tramitación da addenda (CSV:VYGSRQHYB0PRP3NV) e, na data de 19 de decembro de 2022 Intervención informa favorablemente o expediente sinalando observacións (CSV:QURKEM1XNOS2YMP5).

Á vista de todos estes antecedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACION DE PONTEVEDRA E A ASOCIACION DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “TECNOLOXICAS 2022-2023” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA Nº1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA PARA O PERÍODO 2022-2023

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, M.^a del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, en conformidade coas competencias establecidas no artigo 34.1.b da Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local.

Da outra, Justo Sierra Rey, en representación da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), con CIF G-36.614.774 e enderezo na avenida Doutor Corbal, 51, 36207 Vigo.

Actúa como fedatario público deste convenio Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.



Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense con capacidade legal e representación suficiente para subscribiren o convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. *Que con data 9 de agosto de 2022 a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas e Deputación de Pontevedra asinaron o convenio de colaboración para levar a cabo programa “Tecnolóxicas” 2022-2023, co que se quere impulsar e introducir de forma real ás mulleres nos departamentos de desenvolvemento tecnolóxico das empresas.*

II. *Que con data 12 de decembro de 2022 por medio da sede electrónica da Deputación de Pontevedra con número de rexistro WEB2022062711, a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), presentan actualización do orzamento do Programa, dada a modificación de alumnas participantes na formación e posterior contratación en empresas asociadas a ASIME.*

III. *Que, de acordo coas precedentes consideracións, dada a coincidencia de obxectivos e o interese común de ambas entidade, manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á modificación das cláusulas: terceira “definición das actuacións concretas que se van desenvolver”, cuarta “Obrigas das partes” e sétima “Condicións e financiamento ” do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), asinado o 9 de agosto de 2022 para desenvolvemento do programa “Tecnolóxicas” 2022-2023, con arranxo aos seguintes:*

PACTOS

Primeiro.- A Deputación Provincial de Pontevedra e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), acordan a modificación das cláusulas: terceira “definición das actuacións concretas que se van desenvolver”, cuarta “Obrigas das partes” e sétima “Condicións e financiamento ” do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), asinado o 9 de agosto de 2022 para desenvolvemento do programa “Tecnolóxicas” 2022-2023. Polo que ditas cláusulas queda redactadas da seguinte maneira:

“Terceira. Definición das actuacións concretas que se van desenvolver

- ✓ *Formación: cursos e contrato formativo en empresas.*

Previamente realizarase un estudo de prospección entre as súas empresas asociadas para identificar as temáticas técnicas específicas que precisan cubrir con persoal formado no ámbito tecnolóxico.

Contrato laboral en modalidade formativa de 6 meses de duración en empresas punteiras da provincia de Pontevedra do ámbito industrial ou tecnolóxico, para darlles a dúas mozas pontevedresas a formación necesaria.

- ✓ *Mentoría das alumnas por parte de persoal técnico cualificado, tanto no proceso formativo coma no período de contrato formativo nas empresas.*

- ✓ *Xeración de referentes locais con accións de sensibilización e difusión*

O fomento das vocacións en estudos STEM entre a poboación feminina, desde as nenas en idade escolar ata a ESO e o bacharelato, considérase un dos piares fundamentais desta iniciativa, polo que se realizarán accións de sensibilización e difusión en diferentes concellos da provincia.

Nesta cláusula as actuacións detallaranse (polo miúdo) na memoria do proxecto que se incorpora como anexo.



Cuarta. Obrigas das partes:

Obrigas da Deputación de Pontevedra:

1. *A Deputación de Pontevedra, para o desenvolvemento e bo fin deste convenio, asume o compromiso de achegar os recursos financeiros necesarios para poñer en marcha o programa “Tecnolóxicas” 2022-2023, cun importe bianual total que ascende a sesenta e seis mil oitocentos noventa e sete euros e dous (66.897,02) céntimos.*

Para o ano 2022 os gastos financiados ascenden a trinta e nove mil trescentos trinta e cinco euros e cincuenta e oito (39.335,58) céntimos, e imputaráselle á aplicación orzamentaria 22/250.2315.480.01 do vixente Orzamento provincial. Para o ano 2023 os gastos financiados pola Deputación ascenden a vinte e sete mil cincocentos sesenta e un euros e corenta e catro (27.561,44) céntimos, cuxa contía quedará condicionada á aprobación do orzamento de 2023.

2. *Formar parte das comisións seleccionadoras das alumnas e das empresas participantes no programa.*

3. *A Deputación de Pontevedra poderá publicar e dar a coñecer as diferentes actuacións realizadas no marco deste convenio.*

Obrigas de ASIME:

1. *Coordinar e executar o plan de actuacións que se desenvolverá no programa e realizar as funcións establecidas coa debida dilixencia e boa fe, velando polo seu bo desenvolvemento.*

2. *Poñer á disposición das comisións seleccionadoras, en caso de que sexa necesario, un comité de persoas expertas para emitir informes.*

3. *Informar regularmente a Deputación de Pontevedra da marcha das actividades relacionadas co obxecto deste convenio a través da Comisión de seguimento á que fai referencia a cláusula décima.*

4. *Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os resultados das diferentes actuacións realizadas.*

5. *Presentarlle á Deputación de Pontevedra, ao rematar as actividades, un informe final que recolla unha proposta de directrices de actuación.*

6. *Facer constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para difundir o proxecto, que este se realiza co financiamento da Deputación, e incorporar para iso o logotipo institucional.*

7. *Presentar unha memoria anual das actividades realizadas dentro do programa “Tecnolóxicas” 2022-2023 que inclúa a xustificación económica de cada unha delas, o detalle das actuacións desenvolvidas, a avaliación de cada unha das fases do proxecto, a valoración final das alumnas e das empresas participantes, o impacto dos resultados acadados e o nivel de consecución dos seus obxectivos.*

Sétima. Condicións e financiamento:

O importe total da actividade ascende a noventa e nove mil noventa e dos euros e oitenta (99.092,80) céntimos, segundo a información incluída na táboa anexa.

A achega económica por parte do organismo provincial para a realización do convenio será bianual e ascenderá a un total de a sesenta e seis mil oitocentos noventa e sete euros e dous (66.897,02) céntimos; trinta e nove mil trescentos trinta e cinco euros e cincuenta e oito (39.335,58) céntimos consignados na aplicación 22/250.2315.480.01 e vinte e sete mil cincocentos sesenta e un euros e corenta e catro (27.561,44) céntimos con cargo á aplicación que será, no seu caso, 23/250.2315.480.01; esta contía quedará condicionada á aprobación do orzamento do ano 2023 e á existencia adecuada e suficiente neste.



Estas contías aboaranse en dous únicos pagamentos polas cantidades arriba sinaladas, unha vez xustificadas os gastos, ata acadar o total a través das correspondentes facturas, nóminas ou outros documentos válidos legalmente para tal fin, xunto coa presentación da memoria final dos gastos realizados.

Para aboar as cantidades será preciso estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non se poderá incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei”.

Segundo.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 9 de agosto de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e na data sinalados no seu encabezamento”.

26.32425.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE ACTUACIÓNS DE GRUPOS CON CARGO AO PROGRAMA “MUSIGAL” 2023. (Expte. 20220074224)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, establece as bases reguladoras para a solicitude de actuacións con cargo ao Programa Musigal 2023, e visto o informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras para a solicitude de actuacións con cargo ao Programa “Musigal” 2023 e que figuran co CSV: IMADO67ZN8V85C0Q.

27.32426.- PRORROGA NA EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DA AXUDA CONCEDIDA A XUNCOGA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, PARA A “MELLORA NA FACHADA EXTERIOR DA NAVE DA COOPERATIVA E ADQUISICIÓN DE DOUS ELEVADORES, ANO 2022” (Expte.2022035374)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, do 12.08.2022, unha subvención a favor de *Xuncoga Sociedade Cooperativa Galega*, con CIF: F36334092, por un importe de 19.460 €, para “*Mellora na fachada exterior da nave da cooperativa e adquisición de dous elevadores*” con cargo á aplicación 22/410.4120.789.02,

Con data 11/11/2022, recíbese escrito do presidente da cooperativa XUNCOGA, solicitando unha prorroga na execución e xustificación dos investimentos subvencionables relativos á citada axuda económica, por comunicarlle a empresa provedora que debido a falta de compoñentes electrónicos, que retrasan a produción industrial, producírase un retraso na subministración, estimando que poden ser uns tres meses.

Visto o informe da xefa do Servizo de Medio Ambiente, de data 22/11/2022, que informa favorablemente a modificación das actuacións.



Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención do 16/12/2022, a restante documentación que obra no expediente, e considerando o disposto nas Bases Reguladoras, no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de subvencións, e no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar unha prorroga da axuda concedida pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, do 12/08/2022 número de acordo 11.32053, a favor de *Xuncoga Soc. Coop. Galega*, de conformidade co establecido na base decimo quinta das reguladoras da convocatoria, para executar o investimento será de tres (3) meses, ata o 31 de marzo de 2023 e deberá xustificar a subvención antes do 15 de maio de 2023.

28.32427.- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE ASISTENCIA E COLABORACIÓN TÉCNICA E ADMINISTRATIVA COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA – ORAL EN MATERIA DE INSPECCIÓN DE TRIBUTOS”. (Expte. 2016030199)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión de data 21/07/2017, adjudicou o contrato do “servizo de asesoramento e colaboración técnica e administrativa coa Deputación de Pontevedra-ORAL en materia de inspección de tributos” á empresa Asesoramiento Tributario Local, S.L. (CIF B-36.355.469), con efectos desde o día 18/10/2017 ata o 17/10/2019, con posibilidade de prorroga expresa ata un máximo de 2 anos máis e por un prezo de 10,50%, sen IVE, das cotas tributarias netas recadadas derivadas dos procedementos de comprobación e/ou inspección e do procedemento sancionador, excluindo os intereses e o importe da recarga provincial. O contrato formalizouse en data 17/10/2017, o mesmo día no que se asinou a acta de inicio das actuacións. En data 11/10/2019 a Xunta de Goberno acordou prorrogar por un ano a duración do contrato, desde o día 18/10/2019 e ata o 17/10/2020. O 09/10/2020, a Xunta de Goberno prorrogou o contrato una no máis, desde o 18/10/2020 ata o 17/10/2021.

Segundo.- A acta de recepción do contrato levantouse o 15/10/2021, mediante reunión na que asistiron o contratista, Asesoramiento Tributario Local, S.L., a Xefa do Servizo de Xestión de recursos inspección do ORAL, responsable do contrato, e a Directora de Servizos do ORAL. Nesta acta recóllese expresamente: “Únese ao expediente o arquivo co CSV UP44CHW4M1FTD172 coa relación de expedientes nos que o contratista realizou actuacións de colaboración co Servizo de xestión de recursos públicos e inspección, con independencia de que do traballo efectuado resultaran expedientes finalizados ou non pola administración e de que estes expedientes deran lugar ou non a liquidacións de débedas por parte da administración a raíz do procedemento inspector e / ou sancionador. Ponse de manifesto que o contratista para dar cumprimento ao obxecto do contrato efectuou os traballos que se describen na cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, é dicir, a totalidade da prestación, sen prexuízo das deficiencias que se poidan observar nos traballos executados durante o prazo de garantía (1 ano a partir do día seguinte a acta de recepción do contrato) polo que o contrato debe entenderse cumprido nos seus propios termos e a satisfacción da Administración Pola administración tómase coñecemento da información facilitada polo contratista e prestase conformidade tendo a consideración este acta de documento de recepción das prestacións á que se refire o artigo 222.2 do TRLCSP.”



Terceiro.- A empresa Asesoramiento Tributario Local S.L. presenta por rexistro escrito, en data 15/11/2022 no que solicita a liquidación do contrato.

Cuarto.- Consta informe da responsable do contrato, de data 15/11/2022, no que da conta da totalidade de liquidacións resultantes que se deducen dos traballos reflectidos na acta de finalización do contrato de data 15/10/2021, as cales se detallan nos arquivos con CSV: P665YR1Q2UQ6RTTQ e OJDKRUTQMKGXUM7YR, que se incorporan ao expediente e das que se deducen os seguintes importes totais:

	Importe	Nº valores
Procedementos Inspección	4.766.489,45 €	7.347
Procedementos Sancionador	382.886,32 €	201

Estes importes corresponde ao total das cotas tributarias netas as que fai referencia o contrato.

Quinto.- Consta certificado da Tesouraría de data 30/11/2022, no que se comunica o estado de cobro e situación no que se atopan cada un dos valores aínda pendentes de cobro resultantes dos expedientes incorporados á acta de recepción do contrato, que se levantou o 15/10/2021.

Sexto.- Consta informe conxunto da xefa de Servicio de inspección e a responsable do contrato de data 05/12/2022, na que se desagregan as “cotas tributarias netas recadadas” que se asocian aos valores incorporados no certificado da Tesouraría de data 30/11/2022, únicas contías a considerar na liquidación do prezo do contrato tal e como se deriva do contrato asinado, e que se menciona no antecedente primeiro desta proposta e, por último, consta informe da cuantificación da liquidación asinado pola responsable do contrato que inclúe proposta sobre acordo administrativo a adoptar. A este informe achégase un anexo de data 9 de decembro de 2022.

Sétimo.- Vista proposta de acordo da Directora de servizos do ORAL co visto e praxe do deputado delegado do ORAL de data 7 de decembro de 2022.

Oitavo.- Visto o informe favorable da Intervención de data 19 de decembro de 2022.

Fundamentos de dereito.-

Primeiro.- O contrato adxudicouse estando vixente o Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Na cláusula 1.6. do Anexo I do PCAP, determínase:

“Prazo da garantía: de 1 ano, contado a partir do día seguinte á acta de recepción do contrato, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axustase ao contratado e ao estipulado neste prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos ao traballo realizado, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.”



Durante o prazo de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar nos traballos executados, con independencia das consecuencias que se puideran derivar das responsabilidades en que tivera podido incurrir, de acordo co establecido no art. 305 do TRLCSP.

Liquidación do contrato.-

Durante o prazo de garantía do contrato o servizo de Xestión Orzamentaria e Contabilidade emitirá os informes correspondentes ás cantidades efectivamente recadadas ós efectos de facturación por parte da empresa.

Finalizado o prazo de garantía emitirase certificado detallado das liquidacións que, derivadas de actas de Inspección, se atopen pendentes de cobro ó último día do mes anterior á certificación.

Sobre o 60% do principal liquidable e pendente de cobro, aplicarase o prezo de adxudicación ofertado polo contratista emitindo unha única e definitiva factura.”

Terceiro.- De conformidade coa cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares, “obrigas do contratista” cita textualmente:

“O contrato entenderase cumprido polo contratista unha vez transcorrido o prazo establecido na cláusula 3 deste Anexo I, coas prórrogas que se tiveren pactado e sempre que aquel realizase as prestacións que constitúen o seu obxecto de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas a satisfacción da Deputación. (...)

En atención ao exposto, e visto os Anexos I a VII que acompaña a esta proposta, a liquidación do contrato se cifra en 39.992,53 €, resultado de liquidar o 10,5 % (prezo da adxudicación) as cotas tributarias netas recadadas no período comprendido entre o día 30/06/2022 ao día 31/10/2022 ,data de liquidación do contrato, o que fai un total de 16.743,16 euros (anexos VI e VII incorporados a esta proposta), así como de liquidar o 10,5 % ao total do 60 % das cotas tributarias netas pendentes de cobro á data de liquidación do contrato (Anexo I) o que fai un total de 23.249,37 euros, Polo que se propón a aprobación, de conformidade co establecido na cláusula 1.6 do PCAP do contrato, da liquidación do contrato na contía de 39.992,53 € sen IVE (importe a liquidar por cobros efectuados 16.743,16 € +importe a liquidar por “liquidacións pendentes de cobro” 23.249,37€)segundo o detalle dos seguintes cadros:

1. Importes a liquidar por cobros efectuados por parte do Oral-Deputacion consecuencia da execucion dos traballos realizados polo contratista (cláusula 1.6 PCA) - 30/06/2022-31/10/2022	P.Inspeccion	P.Sancionado	Base de liquidacion cotas tributarias netas TOTAL(100%)	A favor do contratista (10,5% s/Total)
COTAS TRIBUTARIAS NETAS COBRADAS DESPOIS DO 30/06/2022 (Anexo VI)	58.116,30 €	860,69 €	58.976,99 €	6.192,58 €
INGRESOS PARCIAIS COBRADOS POR COTAS TRIBUTARIAS NETAS PENDENTES DE FACTURAR (Anexo VII)	80.466,05 €	20.015,60 €	100.481,65 €	10.550,57 €
Liquidacións cobradas polo ORAL	138.582,35 €	20.876,29 €	159.458,64 €	16.743,16 €



2. Importe a liquidar por liquidacións pendentes de cobro (60% do total do principal - Cláusula 19 PCA) A 31/10/2022	P.Inspeccion	P.Sancionador	TOTAL	Base de liquidación cotas tributarias netas (60%do TOTAL - Cláusula 19)	A favor do contratista (10,5% s/Total Base liquidación)
IMPORTE PRINCIPAL LIQUIDACIÓN PENDINGES DE COBRO (31/10/2022) - Anexo I	328.027,92 €	41.009,74 €	369.037,66 €	221.422,60 €	23.249,37 €
Resultado					23.249,37 €

Coa emisión e pago da factura, quedaría liquidado o contrato tal e como establece a citada cláusula contractual.

Non obstante, no período que vai entre o 30/06/2022 ao 31/10/2022 afloran novas devolucións por ingresos indebidos ás persoas contribuíntes, cuxa cota neta ascendeu a 54.169,62 euros (anexo VIII adxunto a esta proposta) e que, en aplicación da cláusula 1.5 do Anexo I do PCAP que rexe o contrato, procede por parte do contratista o reintegro íntegro da retribución abonada no seu día.

O citado reintegro se cuantifica en 5.687,81 €, sen IVE segundo o detalle do seguinte cadro:

1. Devolucións de ingresos indebidos pendentes de descontar dentro do período de garantía 30/06/2022-31/10/2022	Inspeccion	Sancionador	Total I. indebidos cotas tributarias netas	A descontar en factura (Base 1.5 PCAP) (10,5%)
REINTEGRO POR DEVOLUCIÓN EFECTUADAS PENDENTES DE REGULARIZACIÓN (Anexo VIII)	53.684,90 €	484,72 €	54.169,6222€	-5.687,81 €

Polo exposto, procede incluír nas operacións que dan lugar aos pagos por liquidación do contrato o reintegro, de 5.678,81 euros a favor da Deputación en concepto devolución por cobros efectuados ao contratista no seu día (en concepto de 10,5% de cobros de cotas efectivamente recadadas) que con posterioridade foron devoltas as persoas contribuíntes por resultar ingresos indebidos

En aplicación do establecido na cláusula 1.5 do prego, en canto a facturación dos reintegros, o contratista incluír na factura a minoración das contía de 5.687,81 euros do que resulta a procedencia da adopción de acordo administrativo de aprobación, autorización, disposición e recoñecemento de obriga a favor do contratista en contía de 34.304,72 euros sen IVE (41.508,71 euros, IVE incluído) por aplicación conxunta das cláusulas 1.5 e 1.6 do PCAP



Cuarto.- Por último, o prego de condicións inclúe una cláusula 19 cun redactado no último parágrafo que determina que , unha vez transcorrido o prazo de garantía ,e “...se estivesen pendentes de resolver en vía administrativa ou xudicial liquidacións tributarias derivadas de actuacións administrativas incoadas como consecuencia dos traballos realizados polo contratista” o contratista ten a obriga de garantir as contías que lle corresponderá percibir.

Os Anexos II, IV, e V que se xuntan a esta proposta, incorporan detalle das liquidacións tributarias que se atopan pendentes de resolver “..derivadas de actuacións administrativas como consecuencia dos traballos realizados polo contratista...“.

O cálculo das contías a garantir en execución da redacción introducida no prego de cláusulas , se incorpora na seguinte táboa, resultando un total de 31.723,15 euros froito das contías globais recoñecidas ao contratista, segundo o cálculo que se incorpora no cadro seguinte:

3. Recursos pendentes de resolución (Cláusula 19 PCAP)	P.Inspección Principal cotas tributarias netas	P Cotas tributarias netas. Sancionador	Cotas tributarias netas contia Total	Retribucion contratista S/ 100% o 10,5 %	Retribucion contratista S/60% o 10,5%	
3.1 Por pagos efectuados (Anexo III)						
Por pagos xa efectuados á empresa	169.586,56 €		169.586,56 €	17.806,59 €		
3.2 Por cobros incluídos na liquidación (Anexos IV e V)						
Por cotas tributarias netas ingresadas despois do 30/06, dentro do período de garantía (anexo IV)	2.398,36 €		2.398,36 €	251,83 €		
Por ingresos parciais de cotas tributarias netas ingresadas e pendentes de facturar dentro do período de garantía (Anexo V)	339,54 €		339,54 €	35,65 €		
3.3 Por pendente de cobro (anexo II)						
Por cotas tributarias pendentes de cobro	182.524,70 €	33.809,96 €	216.334,66 €		13.629,08 €	
				18.094,07 €	13.629,08 €	
Importe total a garantir (cláusula 19 PCAP)						31.723,15 €



Por todo o anteriormente exposto, visto o expediente, o Deputado delegado con competencias na materia de réxime interior, economía, facenda e ORAL a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1) Aprobar, de conformidade co establecido na cláusula 1.6 do PCAP do contrato, a liquidación do contrato de “*Servizo de asistencia e colaboración técnica e administrativa coa Deputación de Pontevedra - ORAL en materia de Inspección de Tributos*” na contía de 39.992,53 €, sen IVE.
- 2) Requirir a favor da Deputación, de conformidade co establecido na base 1.5 do PCAP, e na forma que nela se establece o reintegro sobre esa liquidación en contía de 5.687,81 euros como consecuencia das devolucións en concepto de “ingresos indebidos” efectuados por esta Deputación no período que vai dende o 30/06/2022 á data 31/10/2022, que ascenderon só de cotas tributarias netas a contía de 54.169,62 € (Anexo VIII).
- 3) Autorizar, dispoñer e recoñecer a favor do contratista a contía 34.304,72 € mais IVE (41.508,71€) resultado do establecido no punto 1 e 2 deste acordo.
- 4) Por último, e en execución do establecido na cláusula 19 do PCAP, requirir ao contratista para que presente no prazo de 10 días a garantía nela establecida, por importe neto de 31.723,15 €. Garantía que pode materializar en varios avais independentes (tantos como recursos se atopan en trámite de resolución xudicial) ou pode constituír en metálico, e por último, tamén en forma de retención de efectivo sobre as contías debidas ao seu favor (41.508,71 €, IVE incluído).

A garantía deberá estar constituída, en todo caso, antes do pago material da factura que o contratista está obrigado a presentar.

De non terse presentado avais ou depositado a contía en metálico de 31.723,15 € na Tesouraría desta Deputación no intre do pago material da factura, procederase nese mesmo intre a formalizar a mesma mediante minoración da transferencia da contía debida ao contratista de 41.508,71 €, procedendo simultaneamente á devolución da garantía definitiva depositada en aval bancario do Banco Sabadell, asentada na contabilidade da Deputación co nº de operación 201700105900.

A garantía constituída quedará liberada parcialmente a medida que se resolvan definitivamente os recursos presentados e, en caso de ser favorable o fallo para a Administración procederá sen mais a súa devolución.



29.32428.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DE APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL (Expte.2022073891)

A Deputación Provincial de Pontevedra subscribiu coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, publicado no BOE nº 311 con data 28/12/2021, un convenio de colaboración en materia de xestión catastral en substitución do xa existente que databa do 13/06/2001, no que se modifican e amplían as materias obxecto de colaboración que son, entre outras, fundamentalmente as seguintes:

- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- Actuacións de colaboración, igualmente en réxime de encomenda de xestión, na actualización das descripcións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, sempre que ditos inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do Convenio.

Este novo marco de colaboración en materia de xestión catastral, que se estende a inmobles rústicos e urbanos e aposta por un mantemento integral que permite ter o Catastro permanentemente actualizado sobre a base dunha xestión desenvolvida sobre un mapa parcelario de incidencias ou discrepancias pendentes entre a información catastral e a realidade inmobiliaria, suporá acometer novos traballos catastrais.

Desta forma, en cumprimento dos compromisos adquiridos cos concellos, esta Deputación incrementa de forma considerable a colaboración en materia de xestión catastral.

A Orde EHA/1616/2010, de 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio por entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións de aboamento de gastos (<https://www.boe.es/boe/dias/2010/06/18/pdfs/BOE-A-2010-9686.pdf>) ten por obxecto a regulación dos requisitos e condicións para concretar, de acordo coa disposición adicional 5ª do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, os medios para a execución dos traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro no marco dos convenios de



colaboración que prevexan a posibilidade de financiar os ditos traballos, así como os termos, prazos e condicións para o pago a SEGIPSA dos gastos que deben asumir as entidades colaboradoras con motivo da execución dos traballos, e aplicase ás entidades que subscribiran convenios de colaboración con arranxo ao artigo 62 do Real decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, nos que se prevexa a posibilidade de financiar os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do catastro que poidan ser obxecto de encargo a SEGIPSA.

O Convenio de colaboración suscrito pola Deputación de Pontevedra coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, dispón na súa cláusula sétima que “para el desarrollo de todos o alguno de los trabajos previstos en las cláusulas segunda, tercera, cuarta y quinta del presente Convenio, la Diputación podrá optar, alternativamente, por recabar el apoyo de la Dirección General del Catastro, asumiendo la Diputación su financiación directamente, o bien realizarlos por sus propios medios”

Durante a segunda metade do exercicio 2022, esta Deputación optou por solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que encomende a SEGIPSA os traballos, nos termos da amentada Orde EHA/1616/2010, de 10 de xuño, téndose realizado ditos traballos cun alto grao de satisfacción tanto por parte da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra como por parte desta Deputación.

SEGIPSA ten o carácter de medio propio instrumental e de servizo técnico da Dirección Xeral do Catastro para a realización dos traballos de formación e mantemento do Catastro Inmobiliario.

É a Dirección Xeral do Catastro quen encomenda a SEGIPSA os traballos catastrais derivados dos convenios. En consecuencia, é ela quen fixa os procedementos, especificacións e criterios técnicos precisos para garantir a calidade e homoxeneidade dos traballos, elaborando para iso os correspondentes manuais operativos (artigo 3 da Orde EHA 1616/2010), e é ela quen recibe os traballos obxecto de encomenda.

SEGIPSA ten subscritos acordos marco coas mellores empresas do sector, acordos que lle permiten asignarlles traballos de maneira áxil e eficaz, reservándose sempre tarefas de dirección técnica, coordinación e control de calidade. Minimízanse así os riscos de incumprimento: se por calquera motivo unha das empresas fallase na execución, poderían reasignar os traballos de modo case automático, ou ben executalos cos seus propios medios.

Así, para o exercicio das funcións atribuídas no convenio, a Deputación pode solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que formule encargo á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, S.A (SEGIPSA).



Nestes casos os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións que se establecen na Orde EHA/1616/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións do aboamento de gastos.

As tarifas de SEGIPSA para a realización de traballos en materia de xestión catastral aprobáronse por Resolución da Subsecretaría de Facenda e Función Pública do 18 de outubro de 2022, non estando estas suxeitas ao IVE.

Tendo en conta estas circunstancias e o feito de que as tarifas de SEGIPSA son competitivas, a xefatura do Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI propón, que se realicen por SEGIPSA os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario para a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica e físico-económica (de bens rústicos e urbanos), así como a colaboración en actuacións de investigación xurídica e física dos mesmos bens.

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio ,calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 320.731,24 €, segundo o seguinte desglose:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total Por Exped.	Total Por Inm.	Total
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos (media 1,5 inmobles)	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	9,44 €	500	750	0,00 €	7.080,00 €	7.080,00 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltos sen alteración (media 1,5 inmobles)	A2	901 SIN CAMBIO	0,00 €	5,00 €	102	153	0,00 €	765,00 €	765,00 €
Emendas de Discrepancias (Inclúe primeiro inmovible)	A4	DICJ COEJ RECJ	18,87 €	9,44 €	50	10	943,50 €	94,40 €	1.037,90 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes de titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4,	0,00 €	9,44 €	75	75	0,00 €	708,00 €	708,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (media 1,1 inmobles)	B2	902-3-4,	42,61 €	17,76 €	1.625	1.788	69.241,25 €	31.754,88 €	100.996,13 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4	42,61 €	0,00 €	150	0	6.391,50 €	0,00 €	6.391,50 €



Expedientes de emenda de discrepancias, correccións de erros ou elaboración de propostas de resolución de recursos de reposición de tipo físico (sen desprazamento) (media 1,1 inmobles)	B5	DICF COEF RECF	64,75 €	17,76 €	1.355	1.491	87.736,25 €	26.480,16 €	114.216,41 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos con desprazamento (Inclúe primeiro inmueble)	C1	902-3- 4 C	71,00 €	22,56 €	1.000	100	71.000,00 €	2.256,00 €	73.256,00 €
Expedientes cuxo obxecto sexa a incorporación ao Catastro de construcións deportivas das modalidades 5.1.2 y 5.2.2	C2	902-3- 4 C	25,00 €	0,00 €	100	0	2.500,00 €	0,00 €	2.500,00 €
Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1	DICF	0,00 €	6,50 €		50	0,00 €	325,00 €	325,00 €
Resolución complexa de erros de cruce/solapes (Sen desprazamento)	D2	DICF	0,00 €	13,20 €		50	0,00 €	660,00 €	660,00 €
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.1	DICF	0,00 €	36,80 €		50	0,00 €	1.840,00 €	1.840,00 €
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.2	DICF	0,00 €	18,54 €		50	0,00 €	927,00 €	927,00 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Capa de Parcelario	D8.1	DICF COEF	0,00 €	1,05 €		100	0,00 €	105,00 €	105,00 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Inclúe subparcelas construción	D8.2	DICF COEF	0,00 €	3,77 €		100	0,00 €	377,00 €	377,00 €
Depuración de ruiros. Aportando relación inmobles	D9.1	CNOT	0,00 €	1,05 €		50	0,00 €	52,50 €	52,50 €
Depuración de ruiros. Sen aportar relación inmobles	D9.2	CNOT	0,00 €	1,50 €		50	0,00 €	75,00 €	75,00 €



Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	75	0	666,00 €	0,00 €	666,00 €	
Rexistro e dixitalización (non superior a DIN A4)	D10.2		4,44 €	0,00 €	25	0	111,00 €	0,00 €	111,00 €	
Diagnostico de expedientes catastrais: análises de documentación e necesidade de trámites intermedios	D11	902-3-4 DICF RECF	7,22 €	0,00 €	70	0	505,40 €	0,00 €	505,40 €	
Toma de fotografías de fachada (urbana)	D14.1		1,22 €	0,00 €	70	0	85,40 €	0,00 €	85,40 €	
Toma de fotografías de fachada (rústica, máis de 350)	D14.2		2,50 €	0,00 €	70	0	175,00 €	0,00 €	175,00 €	
Toma de fotografías de fachada (rústica, menos de 350)	D14.3		5,00 €	0,00 €	70	0	350,00 €	0,00 €	350,00 €	
Detección en gabinete de alteracións non declaradas e o seu correspondente reflexo no Mapa de Xestión	D15	PUMG	7,66 €	0,00 €	200	0	1.532,00 €	0,00 €	1.532,00 €	
Resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais	E1.1		29,97 €	0,00 €	200	0	5.994,00 €	0,00 €	5.994,00 €	
TOTAIS								247.231,30 €	73.499,94 €	320.731,24 €

O gasto que comportaría o pagamento destes traballos pódese realizar con cargo á aplicación 23/932.9320.22707 (traballos catastrais).

O prazo da realización dos traballos comprendería, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/01/2023 ata o 31/12/2023.

Para iso deberá realizarse unha solicitude á Dirección Xeral do Catastro para que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, m.p.s.a. (SEGIPSA) a realización de traballos catastrais obxecto de convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente o mencionado Convenio de colaboración de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula Décimo quinta.

Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para autorizar e comprometer gastos de carácter ordinario e os demais precisos para a contratación de obras, servizos, subministros, etc. cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 € nos contratos de obras, e 100.000,00 euros no resto de contratos segundo a base 16.2 das Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial ano 2022.



Vista a proposta da Directora de Servizos do ORAL e os informes de Secretaría e Intervención incorporados ao expediente o Deputado delegado con competencias na materia de réxime interior, economía, facenda e ORAL a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo Exp.	Prezo Inm.	Nº Exp.	Nº Inm.	Total Por Exped.	Total Por Inm.	Total
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos (media 1,5 inmobles)	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	9,44 €	500	750	0,00 €	7.080,00 €	7.080,00 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltos sen alteración (media 1,5 inmobles)	A2	901 SIN CAMBIO	0,00 €	5,00 €	102	153	0,00 €	765,00 €	765,00 €
Emendas de Discrepancias (Inclúe primeiro inmoble)	A4	DICJ COEJ RECJ	18,87 €	9,44 €	50	10	943,50 €	94,40 €	1.037,90 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes de titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4,	0,00 €	9,44 €	75	75	0,00 €	708,00 €	708,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (media 1,1 inmobles)	B2	902-3-4,	42,61 €	17,76 €	1.625	1.788	69.241,25 €	31.754,88 €	100.996,13 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4	42,61 €	0,00 €	150	0	6.391,50 €	0,00 €	6.391,50 €
Expedientes de emenda de discrepancias, correccións de erros ou elaboración de propostas de resolución de recursos de reposición de tipo físico (sen desprazamento) (media 1,1 inmobles)	B5	DICF COEF RECF	64,75 €	17,76 €	1.355	1.491	87.736,25 €	26.480,16 €	114.216,41 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos con desprazamento (Inclúe primeiro inmoble)	C1	902-3-4 C	71,00 €	22,56 €	1.000	100	71.000,00 €	2.256,00 €	73.256,00 €
Expedientes cuxo obxecto sexa a incorporación ao Catastro de construcións deportivas das modalidades 5.1.2 y 5.2.2	C2	902-3-4 C	25,00 €	0,00 €	100	0	2.500,00 €	0,00 €	2.500,00 €



Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1	DICF	0,00 €	6,50 €		50	0,00 €	325,00 €	325,00 €
Resolución complexa de erros de cruce/solapes (Sen desprazamento)	D2	DICF	0,00 €	13,20 €		50	0,00 €	660,00 €	660,00 €
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.1	DICF	0,00 €	36,80 €		50	0,00 €	1.840,00 €	1.840,00 €
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.2	DICF	0,00 €	18,54 €		50	0,00 €	927,00 €	927,00 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Capa de Parcelario	D8.1	DICF COEF	0,00 €	1,05 €		100	0,00 €	105,00 €	105,00 €
Reposicionamento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Inclúe subparcelas construción	D8.2	DICF COEF	0,00 €	3,77 €		100	0,00 €	377,00 €	377,00 €
Depuración de ruiros. Aportando relación inmobles	D9.1	CNOT	0,00 €	1,05 €		50	0,00 €	52,50 €	52,50 €
Depuración de ruiros. Sen aportar relación inmobles	D9.2	CNOT	0,00 €	1,50 €		50	0,00 €	75,00 €	75,00 €
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	75	0	666,00 €	0,00 €	666,00 €
Rexistro e dixitalización (non superior a DIN A4)	D10.2		4,44 €	0,00 €	25	0	111,00 €	0,00 €	111,00 €
Diagnostico de expedientes catastrais: análises de documentación e necesidade de trámites intermedios	D11	902-3-4 DICF RECF	7,22 €	0,00 €	70	0	505,40 €	0,00 €	505,40 €
Toma de fotografías de fachada (urbana)	D14.1		1,22 €	0,00 €	70	0	85,40 €	0,00 €	85,40 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, máis de 350)	D14.2		2,50 €	0,00 €	70	0	175,00 €	0,00 €	175,00 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, menos de 350)	D14.3		5,00 €	0,00 €	70	0	350,00 €	0,00 €	350,00 €



Detección en gabinete de alteracións non declaradas e o seu correspondente reflexo no Mapa de Xestión	D15	PUMG	7,66 €	0,00 €	200	0	1.532,00 €	0,00 €	1.532,00 €
Resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais	E1.1		29,97 €	0,00 €	200	0	5.994,00 €	0,00 €	5.994,00 €
TOTAIS							247.231,30 €	73.499,94 €	320.731,24 €

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio ,calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 320.731,24 €, segundo o desglose sinalado.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente o mencionado Convenio de colaboración de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula Décimo quinta.

SEGUNDO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos pódese realizar con cargo á aplicación 23/932.9320.22707 (traballos catastrais). A tramitación anticipada do gasto supón que o mesmo quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2023 e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

TERCEIRO: O prazo da realización dos traballos comprendería, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/01/2023 ata o 31/12/2023.

CUARTO: Os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións e coa aplicación das tarifas que se establecen na Orde EHA/2016/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradoras.

30.32429.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

31.32430.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

